



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 1 peón pertencente á Bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para a Campaña de limpeza de praias 2023, que se financia co programa de Limpeza de praias marítimas da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria MA100/2023

Núm. Admvo. Expte.: 2023/E001/000003

Expte. Decreto Núm.: 2023/G003/000625

A Deputación Provincial da Coruña concedeu a este concello unha subvención correspondente ao programa MA100: Convocatoria do programa de limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2023.

Mediante resolución de Alcaldía núm. 484/2023, de data 08/06/2023 aprobáronse as bases e a convocatoria para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para a campaña de limpeza de praias 2023, que se financia co programa de Limpeza de praias marítimas da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria MA100/2023.

Por Resolución de Alcaldía núm. 566/2023, de data 04/07/2023 aprobouse a constitución da bolsa de emprego para a contratación deste persoal laboral temporal, de acordo co disposto nas bases de selección.

Vista a resolución publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 123, do 29/06/2023 pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa MA:100 subvencións a concellos da provincia para a limpeza de praias marítimas no 2023, polo que se concede a este concello unha subvención para a Campaña de limpeza de praias 2023.

Vista a providencia de Alcaldía de data 04/07/2023 pola que se acorda a contratación de 6 persoas durante 2,5 meses con cargo ao programa de limpeza de praias marítimas para o ano 2023, convocatoria MA/100 subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña; e atendendo ao disposto na base 10.3 das bases de selección, procedeuse a contactar telefonicamente coas seis primeiras persoas integrantes da bolsa de emprego.

Por Resolución de Alcaldía núm. 578/2023, de 06/07/2023 nomeouse a 5 persoas, pertencentes á bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para a Campaña de limpeza de praias 2023, como peóns, persoal laboral temporal na Limpeza de praias marítimas deste concello.

Visto que con datas do 5 e 11 de xullo, o candidato Miguel Alberto de Pinho Dias presentou a documentación establecida na base duodécima das bases de selección e atendendo a que xa estamos en pleno período estival, faise necesario dispoñer de todo o persoal canto antes para ter os areas en perfectas condicións, polo que é imprescindible que comece co seu contrato de traballo de xeito inmediato.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta alcaldía

RESOLVO:

Primeiro. Nomear Miguel Alberto de Pinho Dias, con documento ***316*** como peón, persoal laboral temporal na Limpeza de praias marítimas deste concello, durante dous meses e medio dende o 12/07/2023 e ata o 26/09/2023, ámbolos dous incluídos, a xornada completa e baixo a modalidade de contrato laboral temporal por circunstancias da produción, segundo o disposto no artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Segundo. De acordo coa base 10.4 das bases de selección esta resolución publicárase mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Terceiro. Emitir certificación deste acordo e dar conta ao Pleno municipal na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretario-interventor acumulado dou fe.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

O secretario-interventor acumulado
Asdo. Francisco Javier Novoa Juiz